EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)

**Concello de Viveiro**

**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E UN DE MAIO DE 2018. EXPTE. 2939/2018.

**ASISTENTES:**

Dª. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
Dª. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

**SECRETARIA XERAL:**

Dª. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do dia 21 de maio de 2018, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, e coa asistenza dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, asi como a da Secretaria Xeral, Dª. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros Dª. María Isabel Rodríguez López e D. Emilio Villarmea Méndez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN**

**Maria Luz Balsa Rabade (1 para 2)**
SECRETARIA
Data de Sinatura: 22/05/2018
HASH: 1ba4a21599805a01b735c01cb971bacf

**Maria Loureiro Garcia (2 para 2)**
PRESIDENTA - ALCALDESA
Data de Sinatura: 24/05/2018
HASH: f0d7486c3452654l3a725536c8704576b



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**CELEBRADA O DÍA 14-05-2018.**

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 14 de maio de 2018.

## 2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.

### RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Por parte da Sra. Alcaldesa, Dª. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: Expte. 2866/2018.- Expte. 2940/2018.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

## 3.- LICENZA URBANISTICA.

### EXPTE. 2650/2018.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CONSTANZA DE CASTRO N.º 18 (H27486752) para a realización de obras de conservación no inmoble de baixo, 3 plantas altas e baixo cuberta consistentes en sustitución de cangos e lousado, escaleiras e pintado interior, no inmoble, situado en Constanza de Castro, n.º 18- Viveiro, con referencia catastral 3455805PJ1335N0003AE de acordo co memoria asinada polo arquitecto técnico D. Bernardo Fraga Galdo, colexiado COAG 535.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecto técnico da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

*"INFORME LICENZA DE OBRA NO NUMERO 18 DA RÚA CONSTANZA DE CASTRO, NO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.*
*EXPTE.: 2650/2018*
*SOLICITANTE: COMUNIDADE PROPIETARIOS*
*REF. CASTASTRAL: 3455805PJ1335N0003AE*

*1. NORMATIVA APLICABLE:*
* *Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)*
* *Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.*
* *Lei 5/2016 de 4 de maio de patrimonio cultural de Galicia e instrucción 8 de noviembre de 2017 relativa ó trámite en materia de patrimonio cultural dos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, contornos de portección e zonas de amoreamento.*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:*
*2.1.- Clasificación e cualificación do solo*
*A clasificación do solo é urbano consolidado.*

*2.2.- Descrición da parcela*
*A edificación onde se pretenden realizar as obras está situada na rúa Constanza de Castro n.º 18 , no Casco Histórico de Viveiro.*

*2.3.- Descrición das obras a realizar*
*Segundo a memoria valorada presentada coa solicitude de licenza, e asinada por Bernardo Fraga Galdo, as obras que se pretenden realizar na edificación son as seguintes:*
*- Sustitución de cangos de madera e lousa en cuberta, así como de lucernario de dim. 1,00x1,50*
*- Sustitución de canalón e baixante*
*- Sustitución de fiestra en bufarda.*
*- Substitución de tabicas, pegadas e descansos na escaleira do inmoble con revisión de estrutura. - Reposición de falso teito de madeira do baixo cuberta por outro de pladur*
*- Pintado de zonas comuns do edificio, así como acondicionamento de instalación electrica común*

*2.4.- Cumplimento da normativa urbanística*
*Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.*

*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable*
*Cumpre coa normativa técnica aplicable.*

*2.6.- Orzamento*
*O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado ascende a cantidade de 17.759,37€*
*Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*

*2.7.- Varios*
*1.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.*
*2.- Conservarase a fumeira existente, facendo labores de conservación, consolidación e mantemento sempre conservando as características da mesma.*

*3. CONCLUSIÓNS: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."*

Visto que consta no expediente informe xurídico favorable, no que se indica o seguinte:

***"Título:** Informe sobre Licenza OBRA EN CH DE VIVEIRO- RUA CONSTANZA DE CASTRO 18*
***Expediente:** 2650/2018*

***Solicitante:** COMUNINADE DE PROPIETARIOS CONSTANZA DE CASTRO,18 (H27486752)*

***INFORME-PROPOSTA***

*En relación co expediente relativo á licenza urbanística para obras de conservacion no inmoble de baixo, 3 plantas altas e baixo cuberta consistentes en sustitución de cangos e lousado, esclaleiras e pintado de interior en COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CONSTANZA DE CASTRO 18 representada por FRANCO ARIAS VICENTE, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización,*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,*

***ANTECEDENTES DE FEITO***

***PRIMEIRO.*** *Con data 2 de maio de 2018, ás 13:49 horas, foi presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CONSTANZA DE CASTRO N.º 18 (H27486752) solicitude de licenza urbanística para a realización de OBRAS DE CONSERVACIÓN NO INMOBLE DE BAIXO, 3 PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA CONSISTENTES EN SUSTITUCIÓN DE CANGOS E LOUSADO, ESCALEIRAS E PINTADO INTERIOR, no INMOBLE, situado en Constanza de Castro, n.º 18- Viveiro, con referencia catastral 3455805PJ1335N0003AE.*

*Coa solicitude achega a seguinte documentación:*

*•Memoria valorada das obras de conservación no inmoble de baixo, 3 plantas altas e planta baixo cuberta destinadas a vivenda, redactado por arquitecto técnico D. Bernado Fraga Galdo.*

*•Xustificante de pagamento dos tributos municipais.*

***SEGUNDO.*** *Con data 4 de maio de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade en data 7 de maio de 2018 polo arquitecto municipal, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de OBRAS DE CONSERVACIÓN NO INMOBLE DE BAIXO, 3 PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA CONSISTENTES EN SUSTITUCIÓN DE CANGOS E LOUSADO, ESCALEIRAS E PINTADO INTERIOR, no INMOBLE, situado en Constanza de Castro, n.º 18- Viveiro, con referencia catastral 3455805PJ1335N0003AE e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:*

*1)De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.*
*2)Conservarase a fumeira existente, facendo labores de conservación, consolidación e mantemento sempre conservando as características da mesma.*

*Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:*

| | |
|---|---|
| *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación* | *SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3)* |
| *Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.* | *OBRAS DE CONSERVACIÓN NO INMOBLE DE BAIXO, 3 PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA CONSISTENTES EN SUSTITUCIÓN DE CANGOS E LOUSADO, ESCALEIRAS E PINTADO INTERIOR* |
| *rzamento de execución material.* | *17.759,37 euros* |
| *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito* | *Constanza de Castro, n.º 18- Viveiro,*<br><br>*referencia catastral 3455805PJ1335N0003AE* |
| *Nome ou razón social da persoa promotora* | *Comunidade de propietarios rua constanza de castro, 18* |

| | |
|---|---|
| *Técnico autor do proxecto e se é o caso dirección facultativa de obras* | *Bernardo Fraga Galdo. n.º 535 COAAT LUGO* |

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

***Primeira:*** *Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados pola súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos.*

*O inmoble de referencia sito en solo clasificado como urbano consolidado, atópase incluido no catálogo inventario do Plan especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI) polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.*

***Segunda:*** *De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as outorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, non resultan precisas autorizacións e /ou informes sectoriais. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza.*

***Terceira.-*** *O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as suas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. O usos permitidos son:* ***Residencial****, industrual e almacén, comercial e dotaciónal, segundo informe técnico que consta no expediente.*

*Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.*

*Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguíu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.*

*Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,*

***INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN***

***PRIMEIRO.*** *Conceder licenza urbanística a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CONSTANZA DE CASTRO N.º 18 (H27486752) para a realización de OBRAS DE CONSERVACIÓN NO INMOBLE*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 31

EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO LUGO

**Concello de Viveiro**
**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

*DE BAIXO, 3 PLANTAS ALTAS E BAIXO CUBERTA CONSISTENTES EN SUSTITUCIÓN DE CANGOS E LOUSADO, ESCALEIRAS E PINTADO INTERIOR, no INMOBLE, situado en Constanza de Castro, n.º 18- Viveiro, con referencia catastral 3455805PJ1335N0003AE de acordo co MEMORIA asinada polo arquitecto técnico D. Bernardo Fraga Galdo, colexiado COAG 535.*

***SEGUNDO.*** *As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:*

- *De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.*

- *Conservarase a fumeira existente, facendo labores de conservación, consolidación e mantemento sempre conservando as características da mesma.*

***TERCEIRO.*** *CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:*

➢*A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.*

➢*As obras executaranse con extrita suxeición a memoria redactada por técnico competente e ás memorias presentadas xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.*

➢*O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.*

➢*Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.*

➢*Réximen de caducidade das licenzas:*

- ✓ *O **prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses,** partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.*

- ✓ *O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

- ✓ *A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.*

➢*Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista,*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 31

*ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.*

***CUARTO.*** *Notificar a presente resolución aos interesados aos efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a COMUNIDADE DE PROPIETARIOS CONSTANZA DE CASTRO N.º 18 (...) para a realización de obras de conservación no inmoble de baixo, 3 plantas altas e baixo cuberta consistentes en sustitución de cangos e lousado, escaleiras e pintado interior, no inmoble, situado en Constanza de Castro, n.º 18- Viveiro, con referencia catastral 3455805PJ1335N0003AE de acordo co memoria asinada polo arquitecto técnico, D. Bernardo Fraga Galdo, colexiado COAG 535.

Segundo.- As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.

- Conservarase a fumeira existente, facendo labores de conservación, consolidación e mantemento sempre conservando as características da mesma.

Terceiro.- CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:

➢A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.

➢As obras executaranse con extrita suxeición a memoria redactada por técnico competente e ás memorias presentadas xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➢O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 31

➢Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➢Réximen de caducidade das licenzas:

- ✓ O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

- ✓ O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

- ✓ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

➢Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

**EXPTE. 1142/2018.- LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por Dª. María Del Carmen Fernández Sánchez para a realización de sustitución de galeria de madeira por outra de aluminio no inmoble con referencia catastral 3355805PJ1335N0017FF, situado en CL. Nicolás Cora Montenegro, número 53-1, desta localidade.

Visto o informe técnico emitido en data 24 de abril de 2018 pola arquitecto técnico da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

*"INFORME LICENZA DE OBRA MENOR NO NUMERO 53-1º B DA RÚA NICOLAS CORA MONTENEGRO.*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*EXPTE.: 1142/2018*
*SOLICITANTE: M.ª DEL CARMEN FERNÁNDEZ SÁNCHEZ*
*REF. CASTASTRAL: 3355805PJ1335N0017FF*

*1. NORMATIVA APLICABLE:*
* Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)*
* Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.*

*2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:*
*2.1.- Clasificación e cualificación do solo*
*A clasificación do solo é urbano consolidado.*

*2.2.- Descrición da parcela*
*A vivenda donde se pretenden realizar as obras está sita na rúa Nicolas Cora Montenegro nº 53-1º B, no Casco Histórico de Viveiro. Non é necesaria a tramitación ante Patrimonio*

*2.3.- Descrición das obras a realizar*
*Substitución de galería de madeira por outra de aluminio*

*2.4.- Cumplimento da normativa urbanística*
*Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.*

*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable*
*Cumpre coa normativa técnica aplicable.*

*2.6.- Orzamento*
*O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado ascende a cantidade de 1.484,00€ Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*

*2.7.- Varios*
*1.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe*
*2.- As ventás serán das mesmas características, partición, materiais e cor que as existentes no edificio.*

*3. CONCLUSIÓNS: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."*

Visto o informe técnico favorable emitido en data 4 de maio de 2018, pola arquitecto técnico da Oficina de Rehabilitación, no que se indica o seguinte:

*"INFORME LICENZA DE OBRA MENOR NO NUMERO 53-1º B DA RÚA NICOLAS CORA MONTENEGRO.*
*EXPTE.: 1142/2018*
*SOLICITANTE: M.ª DEL CARMEN FERNÁNDEZ SÁNCHEZ*
*REF. CASTASTRAL: 3355805PJ1335N0017FF*

*1. NORMATIVA APLICABLE:*
* Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)*
* Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.*

*2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*2.1.- Clasificación e cualificación do solo*
*A clasificación do solo é urbano consolidado.*

*2.2.- Descrición da parcela*
*A vivenda donde se pretenden realizar as obras está sita na rúa Nicolas Cora Montenegro nº 53-1º B, no Casco Histórico de Viveiro. Non é necesaria a tramitación ante Patrimonio*

*2.3.- Descrición das obras a realizar*
*Substitución de galería de madeira por outra de aluminio*

*2.4.- Cumplimento da normativa urbanística*
*Segundo a solicitude presentada a obra que se pretende executar cumpre ca normativa urbanística.*

*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable*
*Cumpre coa normativa técnica aplicable.*

*2.6.- Orzamento*
*O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado ascende a cantidade de 1.484,00€ Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*

*2.7.- Varios*
*1.- De ser necesaria a ocupación de vía publica para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe*
*2.- A carpintería será da mesma partición e cor que a existe.*

*3. CONCLUSIÓNS: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."*

Visto que que consta no expediente informe xurídico favorable, no que se indica o seguinte:

***"Título:** Informe sobre Licenza urbanística para sustitución de galeria de madeira por outra de aluminio en número 53-1 da Rúa Nicolás Cora Montenegro.*
***Expediente:** 1142/2018*
***Solicitante:** María del Carmen Fernández Sánchez (76569608D)*
***Ref. Catastral:** 3355805PJ1335N0017FF*

***INFORME-PROPOSTA***

*En relación co expediente relativo á licenza urbanística para sustitución de galeria de madeira por outra de aluminio en vivenda sita en rúa Nicolás Cora Montenegro 53- 1B, no casco histórico de Viveiro a María del Carmen Fernández Sánchez, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,*

***ANTECEDENTES DE FEITO***

***PRIMEIRO.** Con data 20 de febreiro de 2018, ás 12:21 horas, foi presentada por MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ SANCHEZ solicitude de licenza urbanística para a realización de sustitución de galeria de madeira por outra de aluminio no INMOBLE con referencia catastral 3355805PJ1335N0017FF, situado en CL. Nicolás Cora Montenegro, número 53-1, desta localidade.*

*Coa solicitude achega a seguinte documentación:*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

•Orzamento detallado das actuacións a realizar, emitido pola entidade "Aluminios Cruz da Venta, S.L." (B27237973)

•Xustificante de pagamento dos tributos municipais.

**SEGUNDO.** Con data 4 de maio de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade en data 7 de maio de 2018 polo arquitecto municipal, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de sustitución de galeria de madeira por outra de aluminio no INMOBLE con referencia catastral 3355805PJ1335N0017FF, situado en CL. Nicolás Cora Montenegro, número 53-1, desta localidade. e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

3)De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.
4)A carpintería será da mesma partición e cor que a existente.

Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

| | |
|---|---|
| Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación | SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3) |
| Finalidade da actuación e uso ó que se destinará. | Substitución de galería de madeira por outra de aluminio. |
| Orzamento de execución material. | 1.484,00 euros |
| Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito | C/ NICOLAS CORA MONTENEGRO, Nº 53-1 VIVEIRO<br>R.C. 3355805PJ1335N0017FF |
| Nome ou razón social da persoa promotora | MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ SANCHEZ |
| Técnico autor do proxecto e se é o caso<br><br>dirección facultativa de obras | |

**CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

**Primeira:** Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados pola súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos.

O inmoble de referencia sito en solo clasificado como urbano consolidado, atópase incluido no catálogo inventario do Plan especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI) polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

**Segunda:** De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as outorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, non resultan precisas autorizacións e /ou informes sectoriais. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza.



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 31

**Concello de Viveiro**
**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

***Terceira.-*** *O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRI da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as suas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. O usos permitidos son:* ***Residencial****, industrual e almacén, comercial e dotaciónal, segundo informe técnico que consta no expediente.*

*Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.*

*Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguíu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.*

*Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,*

***INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN***

***PRIMEIRO.*** *Conceder licenza urbanística a MARIA DEL CARMEN FERNANDEZ SANCHEZ, para a realización de sustitución de galeria de madeira por outra de aluminio no INMOBLE con referencia catastral 3355805PJ1335N0017FF, situado en CL. Nicolás Cora Montenegro, número 53-1, desta localidade.*

***SEGUNDO.*** *As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:*

*a) De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.*

*b) A carpintería será da mesma partición e cor que a existente.*

***TERCEIRO.*** *CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:*

➢*A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.*

➢*As obras executaranse con extrita suxeición ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.*

➢*O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 31

*empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.*

*➢Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.*

*➢Réximen de caducidade das licenzas:*

- ✓ *O **prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses,** partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.*
- ✓ *O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*
- ✓ *A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.*

*➢Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.*

***CUARTO.** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a Dª. María del Carmen Fernández Sánchez, para a realización de substitución de galería de madeira por outra de aluminio no INMOBLE con referencia catastral 3355805PJ1335N0017FF, situado en CL. Nicolás Cora Montenegro, número 53-1, desta localidade.

Segundo.- As CONDICIÓNS PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

a) De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaxe.

b) A carpintería será da mesma partición e cor que a existente.

Terceiro.- CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 31

CONCELLO DE VIVEIRO
VIVEIRO
LUGO
Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

➢A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.

➢As obras executaranse con extrita suxeición ás normas de planeamento vixentes na localidade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➢O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➢Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➢Réximen de caducidade das licenzas:

- ✓ O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

- ✓ O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

- ✓ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

➢Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero de expediente.



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 31

**Concello de Viveiro**
**Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147**

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

**EXPTE. 4034/2017.- LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por Dª Marina Carmen Vigo Balseiro para a realización de traslado e montaxe de horreo, sito en parcela 1.-LG. Igrexa, A- Pq Chavín solo, parcela 331, poligono 52 desta localidade, con referencia catastral 27067A052003310000XY, a nova ubicación en parcela 2.- Xaral, parcela 229, polígono 42, con referencia catastral núm. 27067A042002290000XZ.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

***"INFORME PROXECTO TÉCNICO***
***1. NORMATIVA APLICÁBEL***

| | |
|---|---|
| *Figura de planeamento municipal aplicábel* | *Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.* |

***2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:***
*2.1.- Clasificación e cualificación do solo*
*A clasificación do solo segundo a OUP é* ***solo rústico especialmente protexido****.*
*Ordenanza de aplicación 9, [ambas parcelas]*
*2.2.- Datos catastrais das parcelas*
*parcela 1, situación orixinal do hórreo*
*27067A052003310000XY, Lg. Igrexa, A – Pq Chavín solo, polígono 52, parcela 331. Caleira.*
*parcela 2, situación tras o traslado do hórreo*
*27067A042002290000XZ, Xaral, polígono 42, parcela 229.*
*2.3.- Descrición das obras a realizar*
*Preséntase un proxecto de* ***traslado e montaxe de hórreo tradicional****. A proposta adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados.*
*2.4.- Cumprimento da normativa urbanística*
*O hórreo trátase dun ben de interese cultural, [BIC].*
*Consta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, autorizando o traslado e o montaxe coas seguintes obrigas:*
- ***En ningún caso poderá ser visible a soleira de formigón e a lousa de pedra de apoio estará formada por pezas de formato regular.***
- ***Unha vez concluída a intervención, a dirección facultativa realizará a memoria na que figure, ao menos a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido.***

*Afeccións sectoriais:*
*O montaxe porposto, ao afectar aos terreos comprendidos na área de afección de estradas, requirirán, en todo caso, expresa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada, neste c aso a estrada LU-161 da Xunta de Galicia, Axencia Galega de Infraestruturas [AXI]. Achégase autorización da AXI con data 2 de xuño de 2017.*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel*
*O arquitecto técnico Jesús Rando García fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.*
*2.6.- Orzamento*
*O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de* ***7.700,00 €***
*Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*
***3. CONCLUSIÓNS:***
*Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese* ***INFORME FAVORÁBEL****, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores,* ***sen prexuízo do informe previo Dirección Xeral do Patrimonio Cultural****, que terá carácter vencellante e da* ***preceptiva autorización sectorial."***

Visto que consta no expediente informe xurídico favorable, no que se indica o seguinte:

***"Expediente:*** *4034/2017*
***Procedemento:*** *Licenza Urbanística obra en Chavin-Viveiro, para traslado e montaxe dun horreo tradicional.*
***Promotora:*** *MARINA CARMEN VIGO BALSEIRO*

***INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCION***

*En relación co expediente relativo á licenza urbanística para a realización da obra* ***TRASLADO E MONTAXE DE HORREO*** *promovido por MARINA CARMEN VIGO BALSEIRO emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base ós seguintes,*

***ANTECEDENTES***

***PRIMEIRO.*** *Con data 29 de xuño de 2017, as 21:12 horas, con Rexistro de entrada na sede electrónica deste concello núm. 2017-E-RE-84, foi presentada por Dona MARINA CARMEN VIGO BALSEIRO solicitude de licenza urbanística para a realización de TRASLADO E MONTAXE DE HORREO, sito en parcela 1.-LG. Igrexa, A- Pq Chavín solo, parcela 331, poligono 52 desta localidade, con referencia catastral 27067A052003310000XY, a nova ubicación en parcela 2.- Xaral, parcela 229, polígono 42, con referencia catastral núm. 27067A042002290000XZ.*

*Coa solicitude achegou a seguinte documentación:*

*- xustificante do aboamento dos tributos municipais.*

*- PROXECTO TECNICO de execución da actuación asinado polo arquitecto JESÚS RANDO GARCÍA, visado polo COAG o 28 de outubro de 2015 co numero 2015/1086*

*-Autorización da Conselleria de cultura (consta en expte. Relacionado URB/275/2014 para traslado e montaxe de horreo tradicional).*

*- Autorización da Axencia Galega de Infraestructuras da Xunta de Galicia, por atoparse o hórreo- unha vez trasladado- dentro de zona de afección da estrada autonómica LU-161 (30 m.) conforme ao artigo 40 da lei 8/2013, de estradas de Galicia.*

*Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:*

| | |
|---|---|
| *Clasificación e cualificación urbanística do* | *SOLO RÚSTICO ESPECIALMENTE PROTEXIDO,* |



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 31

| | |
|---|---|
| *solo obxecto da actuación* | *Ordenanza de aplicación 9, (ambas parcelas)* |
| *Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.* | *Traslado e montaxe de hórreo tradicional. Tratase dun B.I.C. (Uso: )* |
| *Orzamento de execución material.* | *7.700,00 EUROS* |
| *Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito* | *Parcela 1.-LG. Igrexa, A- Pq Chavín solo, parcela 331, poligono 52 desta localidade, con referencia catastral 27067A052003310000XY, a nova ubicación en parcela 2.- Xaral, parcela 229, polígono 42, con referencia catastral núm. 27067A042002290000XZ.* |
| *Nome ou razón social da persoa promotora* | *MARINA CARMEN VIGO BALSEIRO.* |
| *Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras* | *ARQUITECT@: JESÚS RANDO GARCÍA,*<br><br>*DIRECCIÓN OBRA:* |

***SEGUNDO:*** *En cumprimento co disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, emitiuse informe técnico en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización das actuacións antes sinaladas, nas condicións expresadas no mesmo, en concreto da seguinte literalidade:*

*A) Respecto a autorizacion de Patrimonio:*
*"Consta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, autorizando o traslado e o montaxe coas seguintes obrigas:*
***5)En ningún caso poderá ser visible a soleira de formigón e a lousa de pedra de apoio estará formada por pezas de formato regular.***
***6)Unha vez concluída a intervención, a dirección facultativa realizará a memoria na que figure, ao menos a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido."***

*B) Respecto a afección sectorial, autorizacion AXI (02/06/17):*

*"Resolveu outorgar a autorización, conforme ás seguintes condicións:*
- ✓ *A aresta do horreo non se situará a unha distancia inferior a liña límite de edificiación. É dicir, non se situará a unha distancia inferior a 15 m. medidos dende a liña exterior de delimitación da calzada (liña de beiravía).*
- ✓ *Calquera outra obra distinta das autorizadas dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexa complementaria (accesos, canalizacións, peches, carteis, ...) deberá contar coa autorización expresa, por parte deste servizo.*
- ✓ *Non poderán verterse á calzada ou calquiera dos seus elementos funcionais, as augas das choivas ou calquera outro produto ou material procedente da construcción autorizada.*
- ✓ *Non se permitirán os acopios de materiais na zona de dominio público.*
- ✓ *Serán de aplicación as Condicións xerais que se xuntan.*
- ✓ *As obras outorizadas deberán ser executadas no prázo máximo de doce meses, a contar ddo seguinte a data desta resolución... "*

*Aos anteriores feitos resultan de aplicación as seguintes*

***CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS***

***PRIMEIRA:*** *A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 31

EXCMO. CONCELLO DE VIVEIRO (LUGO)
Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación.*

*E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre bens declarados de interese cultural (hórreo cunha antigüedade superior aos cen anos). As obras plantexadas teñen consideración de edificación e polo tanto requiren de proxecto de execución visado polo correspondente colexio profesional ao tratarse de obras nun B.I.C.*

*En consecuencia, o título habilitante de naturaleza urbanística será a licenza de obra segundo dispón o artigo 142.2,B) da Lei 2/2016 do Solo de Galicia. o procedemento*

***SEGUNDA**: O procedemento para aplicable ao outorgamento da licenza de obra para o traslado e montaxe de hórreo tradicional é o establecido no artigo 143 LSGa, que é o seguinte:*

*A. Presentada solicitude de licenza urbanística á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en materia das súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.*

*B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril; Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e 13 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o Desenvolvemento e Aplicación da Lei do Solo de Galicia, resolver sobre o outorgamento da licenza.*
*Asemesmo, no artigo 21.3 da LBRL, prevese a posibilidade de que o Alcalde poida delegar o exercicio das súas atribucións noutro órganos, o que neste concello acontece en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015 na Xunta de Goberno Local.*

*C. Na Resolución da licenza deberán facerse constar os seguintes extremos esixidos no artigo 17 do Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, de aplicación como consecuencia da Disposición Transitoria Oitava da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, antes citado, a saber:*

- *Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.*
- *Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.*
- *Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.*
- *Cantidade en que se presupostan as obras.*
- *Situación e emprazamento das obras.*
- *Nome ou razón social do promotor.*
- *Técnico autor do proxecto e Director das obras.*
- *Prazos para o inicio e a terminación das obras.*

*D. A Resolución que se adopte será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.*

*E. Aos efectos da resolución do procedemento que nos ocupa a concesión da licenza urbanística correspondente terá que ter en conta o réxime de prelación entre a mesma e as outra licenzas ou autorizacións que resulten esixibles. Do mesmo xeito, terá que terse en conta a imposibilidade de conceder a presente licenza urbanística sen terse acreditado previamente o outorgamento, por parte da Comunidade Autónoma, das autorizacións en*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

*materia medioambiental ou de protección do patrimonio histórico-cultural que resultasen precisas.*

**TERCEIRA.-** *Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias e outros títulos administrativos, determinando que:*

*1. Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exixiranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impediralle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante*
*2. Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia*
*3. No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.*
*4. Non se poderá presentar a comunicación previa nin concederse licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei*

**CUARTA.-***Conforme dí o artigo 143,1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, as licencias outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos.En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que sexan contrarias á ordenación territorial ou urbanística.*

**QUINTA.-** *Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente a previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei do solo de Galicia, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).*

*Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguíu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.*

*Polo indicado, e de conformidade co establecido nos artigos 172 e seguintes do Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, a que subscrite formula a seguinte*

**PROPOSTA DE RESOLUCION:**

**PRIMEIRO.** *Conceder a dona MARINA CARMEN VIGO BALSEIRO a licenza urbanística solicitada para a realización de obras de TRASLADO E MONTAXE DE HORREO TRADICIONAL dende a parcela 1. Referencia catastral 27067A052003310000XY LG. Igrexa, A- Pq Chavín solo, polígono 52, parcela 331. Caleira; a parcela 2. Referencia catastral 27067A042002290000XZ, Xaral, polígono 42, parcela 229, desta localidade.*

**SEGUNDO.** *Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓNS PARTICULARES, que de seguido se transcriben:*

*A) Respecto a autorizacion de Patrimonio:*
*"Consta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, autorizando o traslado e o montaxe coas seguintes obrigas:*
- ***En ningún caso poderá ser visible a soleira de formigón e a lousa de pedra de apoio estará formada por pezas de formato regular.***
- ***Unha vez concluída a intervención, a dirección facultativa realizará a memoria na que figure, ao menos a descrición pormenorizada da***

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 31

***obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido."***

*B) Respecto a afección sectorial, autorizacion AXI (02/06/17):*

*"Resolveu outorgar a autorización, conforme ás seguintes condicións:*

1. *A aresta do horreo non se situará a unha distancia inferior a liña límite de edificiación. É dicir, non se situará a unha distancia inferior a 15 m. medidos dende a liña exterior de delimitación da calzada (liña de beiravía).*
2. *Calquera outra obra distinta das autorizadas dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexa complementaria (accesos,canalizacións, peches, carteis, ...) deberá contar coa autorización expresa, por parte deste servizo.*
3. *Non poderán verterse á calzada ou calquiera dos seus elementos funcionais, as augas das choivas ou calquera outro produto ou material procedente da construcción autorizada.*
4. *Non se permitirán os acopios de materiais na zona de dominio público.*
5. *Serán de aplicación as Condicións xerais que se xuntan.*
6. *As obras outorizadas deberán ser executadas no prázo máximo de doce meses, a contar ddo seguinte a data desta resolución... "*

***TERCEIRO:** As **Condicións xerais** as que se suxeita a Licenza:*

1. *A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.*

2. *As obras executaranse con extrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.*

3. *O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.*

4. *Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.*

5. *Réximen de caducidade das licenzas:*

- *O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.*

- *O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

- *A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 31

6. *Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero do expediente.*

***CUARTO:*** *Notificar a presente resolución á interesada aos efectos oportunos".*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.**-** Conceder a Dª. Marina Carmen Vigo Balseiro, licenza urbanística solicitada para a realización de obras de traslado e montaxe de horreo tradicional dende a parcela 1. Referencia catastral 27067A052003310000XY LG. Igrexa, A- Pq Chavín solo, polígono 52, parcela 331. Caleira; a parcela 2. Referencia catastral 27067A042002290000XZ, Xaral, polígono 42, parcela 229, desta localidade.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das <u>CONDICIÓNS PARTICULARES</u>, que de seguido se transcriben:

A) R<u>especto a autorizacion de Patrimonio:</u>
"Consta no expediente resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural sobre intervención que afecta a un ben incluído no Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia, autorizando o traslado e o montaxe coas seguintes obrigas:
- En ningún caso poderá ser visible a soleira de formigón e a lousa de pedra de apoio estará formada por pezas de formato regular.
- Unha vez concluída a intervención, a dirección facultativa realizará a memoria na que figure, ao menos a descrición pormenorizada da obra executada e dos tratamentos aplicados, así como a documentación gráfica do proceso seguido."

B) <u>Respecto a afección sectorial, autorizacion AXI (02/06/17):</u>

"Resolveu outorgar a autorización, conforme ás seguintes condicións:
1. A aresta do horreo non se situará a unha distancia inferior a liña límite de edificiación. É dicir, non se situará a unha distancia inferior a 15 m. medidos dende a liña exterior de delimitación da calzada (liña de beiravía).
2. Calquera outra obra distinta das autorizadas dentro da zona de afección da estrada, aínda que sexa complementaria (accesos,canalizacións, peches, carteis, ...) deberá contar coa autorización expresa, por parte deste servizo.
3. Non poderán verterse á calzada ou calquiera dos seus elementos funcionais, as augas das choivas ou calquera outro produto ou

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

material procedente da construcción autorizada.
4. Non se permitirán os acopios de materiais na zona de dominio público.
5. Serán de aplicación as Condicións xerais que se xuntan.
6. As obras outorizadas deberán ser executadas no prázo máximo de doce meses, a contar ddo seguinte a data desta resolución... "

Terceiro.- As Condicións xerais as que se suxeita a Licenza:

1. A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demáis persoas.

2. As obras executaranse con extrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

3. O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

4. Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuizo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

5. Réximen de caducidade das licenzas:

   1. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
   2. O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
   3. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista,



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 31

ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construcción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o numero do expediente.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

**4.- EXENCION I.V.T.M. POR MINUSVALIA.**

**EXPTE. 2122/2017.- ANGEL GOMEZ VAZQUEZ.**

Vista a solicitude de exención do IVTM presentada por D. Angel Gómez Vázquez, con domicilio a efectos de notificación no lugar de Rubeira, n.º 2, Chavín, en Viveiro, en base ó disposto no artigo 93.1 e) do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se recolle a exención por minusvalía.

Visto o informe da traballadora social, no que se indica que procede a concesión da exención con carácter definitivo.

Visto o informe emitido por Xestión Tributaria deste Concello, no que se recolle o estipulado na normativa de aplicación, así como as disposicións establecidas no artigo 4 da Ordenanza Fiscal nº 21, do IVTM do Concello de Viveiro, e se emite a seguinte proposta:

*"PRIMERO.- Declarar exento en el 100 % de la cuota íntegra a efectos del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica del vehículo FORD FIESTA (Turismo) ,con matrícula3075-FMN , titularidad de D. ANGEL GOMEZ VAZQUEZ , (...), para el ejercicio 2018 y a partir de este ejercicio con carácter indefinido , por entender que se cumplen y están justificadas todas las circunstancias y requisitos exigidos en la normativa aplicable.*

*SEGUNDO.- Según el artículo 4º. 5 se remita el presente informe-propuesta a la Xunta de Goberno para los efectos oportunos.*

*TERCERO.- Notificar el acuerdo al interesado, con indicación de los recursos que procedan y al departamento de Tesorería para la modificación del padrón fiscal correspondiente y Baja de la exención en el vehículo matrícula: 3075-FMN."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida por Xestión Tributaria, acorda:

Primeiro.- Declarar exento no 100 % da cuota íntegra a efectos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do vehículo FORD FIESTA (Turismo) , con matrícula3075-FMN , titularidade de D. ANGEL GOMEZ VAZQUEZ, (...), para o exercicio 2018 e a partir deste exercicio con carácter indefinido , por entender que se cumplen e están xustificadas todas as circunstancias e requisitos esixidos na normativa aplicable.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Xestión Tributaria e económica para a súa notificación aos interesados con indicación dos recursos que contra o mesmo se poderan interpoñer, e ao Departamento de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 31

Tesourería para o se coñecemento e aos efectos oportunos e da modificación do padrón fiscal correspondente.

**EXPTE. 6788/2017.- JOSE MIGUEL FERNANDEZ SANCHEZ.**

Vista a solicitude de exención do IVTM presentada por D. José Miguel Fernández Sánchez, con domicilio a efectos de notificación en Xunqueira, n.º 55-61-2ºE, en Viveiro, en base ó disposto no artigo 93.1 e) do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no que se recolle a exención por minusvalía.

Visto o informe da traballadora social, no que se indica que procede a concesión da exención con carácter definitivo.

Visto o informe emitido por Xestión Tributaria deste Concello, no que se recolle o estipulado na normativa de aplicación, así como as disposicións establecidas no artigo 4 da Ordenanza Fiscal nº 21, do IVTM do Concello de Viveiro, e se emite a seguinte proposta:

*"PRIMERO.- Declarar exento en el 100 % de la cuota íntegra a efectos del Impuesto sobre Vehículos de Tracción Mecánica del vehículo DACIA SANDERO ,con matrícula 7985-JZN , titularidad de D. JOSE MIGUEL FERNANDEZ SANCHEZ , (...), para el ejercicio 2018 y a partir de este ejercicio con carácter indefinido , por entender que se cumplen y están justificadas todas las circunstancias y requisitos exigidos en la normativa aplicable.*

*SEGUNDO.- Según el artículo 4º. 5 se remita el presente informe-propuesta a la Xunta de Goberno para los efectos oportunos.*

*TERCERO.- Notificar el acuerdo al interesado, con indicación de los recursos que procedan y al departamento de Tesorería para la modificación del padrón fiscal correspondiente y Baja de la exención en el vehículo matrícula: 7985-JZN ."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, e en base á proposta emitida por Xestión Tributaria, acorda:

Primeiro.- Declarar exento no 100 % da cuota íntegra a efectos do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica do vehículo DACIA SANDERO ,con matrícula 7985-JZN , titularidade de D. JOSE MIGUEL FERNANDEZ SANCHEZ , (...), para o exercicio 2018 e a partir deste exercicio con carácter indefinido , por entender que se cumplen e están xustificadas todas as circunstancias e requisitos esixidos na normativa aplicable.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Xestión Tributaria e económica para a súa notificación aos interesados con indicación dos recursos que contra o mesmo se poderan interpoñer, e ao Departamento de Tesourería para o se coñecemento e aos efectos oportunos e da modificación do padrón fiscal correspondente.

## 5.- <u>PROPOSTAS DE GASTOS.</u>

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 31

**EXPTE. 1563/2018.-**

Vistas a proposta de gasto presentada polo encargado de protección civil para subministro de tableiros hidrofugados para taquillas do personal do servicio, a contratar coa empresa LOPEZ PIGUIERAS, S.A., por importe de 413,22 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

**EXPTE. 1596/2018.-**

Vistas a proposta de gasto presentada pola alcaldía para subministro de cen tarxetas prefranqueadas tarifa A., a contratar coa empresa SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELEGRAFOS, S.A., por importe de 826,45 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 31

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

**EXPTE. 1646/2018.-**

Vistas a proposta de gasto presentada polo concelleiro de obras para minipala e dumper transportando el escombro en cunetas en Allares-Chavín; tractor con cuba e peón limpiando estanque patos parque Pernas Peón, a contratar coa empresa ROLLE FORESTAL, S.L., por importe de 600,00 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

**EXPTE. 1679/2018.-**

Vistas a proposta de gasto presentada polo encargado de obras para subministro de roupa laboral e elmentos de protección individual para os departamento de obras, xardiñería, persoal de praias, conserxes deportivos e escolares, a contratar coa empresa PROTECCIÓN LABORAL VILALBA, S.L., por importe de 7.438,02 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Visto que se indica no informe emitido polo Servizo de contratación que *"considerando que o persoal municipal prestador de servizos necesitará nun futuro a renovación do material que é obxecto desta proposta de gasto, así como calquera outro tipo de equipamento diferente, este Servizo consdiera necesario tramitar nun futuro próximo un procedemento aberto que recolla o equipamento preciso para todo o persoal municipal prestador de servizos"*.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

Por parte do Departamento de Contratación procederase á inclusión desta necesidade na planificación contractual de procedementos de contratación.

**EXPTE. 2127/2018.-**

Vistas a proposta de gasto presentada polo encargado de obras para subministro de material, produtos de limpeza e menaxe necesario para os distintos departamentos do concello de Viveiro, tales como o departamento de obras, xardiñería, centros escolares, pabellóns, campos de fútbol municipais pisina municipal, aseos das praias, praza de abastos, etc., a contratar coa empresa LIMPEZAS SEIRAMAR, S.L., por importe de 9.917,35 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 31

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

**EXPTE. 2280/2018.-**

Vista a proposta de gasto presentada pola concelleira de cultura muller e xuventude para representación do espectáculo "BABACONTOS CON MARÍA VICTORIA MORENO" títeres babaluva para o día 12 de maio de 2018 na biblioteca municipal, a contratar coa empresa URDIME, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, por importe de 300,00 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

Por parte da Secretaria Municipal advírtese que, aínda que os documentos obrantes no expediente constan tramitados antes da data prevista para a realización do evento, no día da celebración da presente Xunta de Goberno Local xa ten pasado a data na que se prevía dita realización, entendendo que en todo caso, a aprobación do expediente do contrato menor e a aprobación do gasto deberían producirse antes da súa realización.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

**6.- <u>RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.</u>**

**EXPTE. 1310/2018.- RELACIÓN DE OBRIGAS**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 31

Concello de Viveiro
Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 1310/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

**EXPTE. 6228/2017.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIVEIRO-LUGO".**

Vista a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "REPOSICIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIVEIRO-LUGO", por importe de 73.028,82 euros, a abonar ó adxudicatario (Construcciones Carferlo S.L.), fiscalizada de conformidade por Intervención.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada: "REPOSICIÓN DE FIRME EN CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIVEIRO-LUGO", por importe de 73.028,82 euros, a abonar ó adxudicatario (Construcciones Carferlo S.L.).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós Departamentos de Intervención, Tesourería e Contratación para o seu coñecemento e efectos.

**EXPTE. 2616/2018.- OBRIGAS CON REPARO.**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expt. 2616/2018.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 3 de maio de 2018, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Gas Natural Servicios SA**, por un importe total de **7.262,12 €**, que constan no expediente **2616/2018.**

Resultando que en data 15 de maio de 2018, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"**1.**Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **7.262,12 €.***

***2.**Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e*



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 31

*omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos.*

*Tendo en conta que no informe de reparo tamén se sinala que as facturas de enerxía eléctrica ás que se refire corresponden á piscina municipal, indicando que o Concello se fixo cargo de dita factura (facendo cambio de titularidade) ao pasar a piscina municipal a ser xestionada polo concello, non constando contrato de suministro de enerxía eléctrica con GAS NATURAL SERVICIOS SDG SA.*

*Tendo en conta que a piscina municipal se xestiona directamente polo concello (dende decembro de 2015) e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta que ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*Resultando que en data 10 de abril de 2018, por parte do funcionario administrativo do Servizo de Contratación, se emitiu informe relativo á planificación contractual, no que se inclúe o contrato para o servizo de subministración de enerxía eléctrica, referindo que a súa tramitación se realizará por orde cronolóxica dende o día no que se entreguen os correspondentes pregos de prescricións técnicas de cada expediente.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes e tendo en conta, así mesmo, que na planificación contractual referida se inclúe este servizo.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*
*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO
Número: 2018-0021 Data: 22/05/2018
Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 31

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 2616/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

**EXPTE. 2985/2018.- OBRIGAS.**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 2985/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:10 horas do 21 de maio de 2018, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretaria Xeral, dou fe.



Cod. Validación: AEG4GSNJ3RNARCCSCHKTH3YCA | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 31